



Guía Docente				
Datos Identificativos				2024/25
Asignatura (*)	Lingua Galega	Código	616011704	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
1º e 2º Ciclo	Anual	Terceiro Cuarto	Obrigatoria	7
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación		Correo electrónico		
Profesorado		Correo electrónico		
Web				
Descrición xeral	Introdución teórico-práctica ao coñecemento e uso da lingua galega.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	Producir textos orais e escritos con cohesión, coherencia e adecuación a cada situación comunicativa	A13	B2 B7
Fornecer recursos para presentar información e conectar ideas utilizando a lingua galega, quer oralmente quer por escrito	A16	B2	
Expresarse oralmente e por escrito con corrección adaptando o discurso a cada contexto comunicativo, demostrando ter un coñecemento suficiente dos rexistros formais da lingua galega e automatizando os recursos discursivos (verbais e non verbais) necesarios ao efecto	A3 A13 A19	B2 B7	
Potenciar o contraste de ideas sobre os asuntos propostos, así como a lectura analítica e crítica dos textos estudados (sexan estes orais, escritos ou audiovisuais)		B3 B7	C4
Proporcionar e / ou consolidar no alumnado un coñecemento esencial dos elementos sociolingüísticos que operan no uso da lingua galega nos medios de comunicación		B6 B16	C4
Consolidar o coñecemento da lingua estándar e achegar ou reforzar recursos e estratexias para a expresión tanto oral como escrita en lingua galega		B2	C1
Analizar e comentar de forma crítica os materiais (orais, escritos ou audiovisuais) propostos		B10	C6
Iniciar o alumnado en procedementos básicos de investigación e en prácticas e mecanismos colectivos de ensino-aprendizaxe		B5	C8

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1: Introdución á situación actual da lingua galega	1.1. A lingua galega en relación coas outras linguas peninsulares: O proceso de elaboración lingüística no século XX. 1.2. A lingua galega en relación coas outras linguas da Europa: o Marco Común de Referencia Europeo para o ensino de linguas. 1.3. A lingua galega na Galiza e no mundo: situación social e perspectivas de futuro.



Tema 2: A lingua galega nos medios de comunicación	<p>2.1. Caracterización e análise dos usos orais nos medios de comunicación en lingua galega.</p> <p>2.2. Caracterización e análise dos usos escritos nos medios de comunicación en lingua galega.</p>
Tema 3: Recursos (para)lingüísticos	<p>3.1. A comunicación non verbal: elementos de paralingüística.</p> <p>3.2. Mecanismos para a coherencia e a cohesión do discurso: informar, explicar, argumentar, debater, ...</p> <p>3.2. Ferramentas e estratexias lingüísticas: recursos para o galego oral e para ao galego escrito.</p>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral		30	60	90
Traballos tutelados		4	12	16
Recensión bilbiográfica		1	12	13
Proba mixta		2	10	12
Presentación oral		3	6	9
Actividades iniciais		2	0	2
Discusión dirixida		6	0	6
Foro virtual		1	6	7
Lecturas		2	12	14
Atención personalizada		6	0	6

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Para alén da presentación teórica dos contidos da materia realizada polo profesor en cada sesión presencial, durante estas o conxunto do alumnado realizará tamén actividades de diferente tipoloxía (prácticas ou teórico-prácticas: seminarios, obradoiros, estudos de caso, resolución de problemas, análise de fontes documentais, prácticas através de TIC, etc.) destinadas á consolidación dos contidos, á adquisición das destrezas e á implementación das estratexias relacionadas coa expresión oral e escrita contempladas nos obxectivos da materia
Traballos tutelados	<p>O alumnado realizará un TRABALLO TUTELADO elaborado en grupo reducido (dúas ou tres persoas, en función do volume de matrícula) que consistirá nun estudo cualitativo dun discurso en lingua galega de acordo cos parámetros e os modelos fornecidos previamente polo profesor na sala de aulas; este traballo será realizado de acordo co seguinte procedemento:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- selección dun discurso público (oral, audiovisual ou escrito) para a súa análise de acordo cos parámetros teóricos fornecidos polo docente,</li> <li>- elaboración dun roteiro específico e unha memoria da actividade,</li> <li>- acompañamento periódico por parte do docente dos labores relacionados coa actividade, quer na sala de aulas, quer no ATENDEMENTO PERSONALIZADO,</li> <li>- preparación de materiais para a presentación de resultados,</li> <li>- EXPOSICIÓN ORAL na sala de aulas, e</li> <li>- disponibilización para o conxunto do alumnado a través do FORO VIRTUAL</li> </ul>
Recensión bilbiográfica	A recensión bibliográfica supón un proceso de lectura dun libro escollido da listaxe fornecida polo profesor no inicio das sesións (véxase "Bibliografía de apoio"). Como tal proceso comprende a lectura crítica da obra, a análise do seu contido, a extracción, abstracción e hierarquización das principais ideas nele contidas e a súa valorización. (véxanse LECTURAS, PRESENTACIÓN ORAL e FORO VIRTUAL)
Proba mixta	Proba (oral e/ou escrita) en que o alunado dará conta da asimilación dos contidos vehiculados nas SESIÓNS MAXISTRAIS e da aplicación dos procedementos e conceptos metodolóxicos traballados nas aulas prácticas.



Presentación oral	O alumnado procederá de modo ordenado, dinámico, crítico e coherente en calquera exposición oral realizada na sala de aulas, onde presentará cuestións, conceptos ou contidos de lecturas facilitando a interacción co auditorio. Nas presentacións orais relacionadas co TRABALLO TUTELADO e a RECENSIÓN deberán ser explicados os procesos e os resultados das actividades realizadas. Durante esa presentación pública, o alumnado deberá utilizar os recursos tecnolóxicos precisos ao efecto e demostrar a asunción e a aplicación práctica dos contidos, destrezas e competencias abordados durante o curso
Actividades iniciais	Realización dun cuestionario de avaliación sobre a competencia oral e escrita en lingua galega.
Discusión dirixida	Posta en común e discusión argumentada a partir das actividades realizadas na sala de aulas e das varias exposicións e presentacións orais realizadas polo alumnado.
Foro virtual	Espazo habilitado para o intercambio de materiais e a discusión dos conceptos previamente traballados na sala de aulas. (véxanse TRABALLOS TUTELADOS, RECENSIÓN BIBLIOGRÁFICA e LECTURAS)
Lecturas	O alumnado realizará unha LECTURA seleccionada entre unha listaxe fornecida polo profesorado no inicio das sesións (véxase a &quot;bibliografía de apoio&quot;) e a correspondente RECENSIÓN BIBLIOGRÁFICA individual, realizada de acordo cos modelos e os parámetros indicados polo docente, e que despois será exposta oralmente na sala de aulas e disponibilizada para o conxunto do grupo a través do FORO VIRTUAL

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Ao lado do labor de titorización realizado no horario de atendimento marcado polo profesor responsábel da materia, a atención personalizada estará dirixida especialmente (que non exclusivamente) para o apoio á realización do ?Traballo Tutelado? e da ?Recensión Bibliográfica?. De maneira xeral, cada alumno/a asistirá polo menos a unha sesión de atendimento previa a cada unha das exposicións das actividades obrigatorias encomendadas.

### Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados		Serán avaliadas a corrección lingüística, as estratexias e procedementos utilizados na realización, a participación ao longo dos traballos desenvolvidos nas sesións destinadas ao efecto, os contidos focados e os resultados do proceso ensino-aprendizaxe canto á consecución dos obxectivos procurados nesta actividade	20
Recensión bibliográfica		Na recensión bibliográfica da LECTURA OBRIGATORIA marcada no inicio das sesións será avaliada a capacidade do alumnado para a lectura analítica e crítica, a corrección lingüística, a clareza expositiva (coherencia e cohesión), a capacidade de síntese, a hierarquización de contidos e a adecuación de forma e fondo	15
Proba mixta		Serán avaliadas a corrección lingüística e expositiva, así como a adecuación entre os resultados da proba mixta e os contidos explicados nas SESIÓNS MAXISTRAS e as destrezas focados ao longo do conxunto do curso	30
Presentación oral		Nas presentacións orais do TRABALLO TUTELADO e da RECENSIÓN BIBLIOGRÁFICA será avaliado o dominio do contido, a calidade lingüística, a organización e a secuencia expositiva, a clareza e precisión na exposición, a interacción co auditorio, o uso do tempo dispoñíbel, a utilización dos recursos tecnolóxicos, a utilidade da presentación para os propósitos da materia e, cando proceder, o traballo en equipo	20
Discusión dirixida		Será avaliada a asistencia e a participación nas sesións presenciais e a interacción durante as mesmas.	7.5
Foro virtual		Neste espazo virtual serán avaliados especificamente os contributos para o acompañamento da materia (preguntas, dúbidas, suxestións, debates...)	7.5
Outros			



## Observacións avaliación

A avaliación está encamiñada a determinar o nivel de consecución dos obxectivos propostos e de adquisición das competencias sinaladas nos apartados correspondentes deste guía docente. Na avaliación da materia serán levadas en conta todas as actividades desenvolvidas ao longo do curso. Estas actividades deberán ser entregadas de acordo cos prazos e os procedementos fixados no cronograma que o profesor fornecerá ao alumnado no inicio das sesións e através do Foro Virtual. Os criterios específicos de avaliación para cada unha das tarefas serán oportunamente disponibilizados polo profesor responsábel da materia en formato ?rúbrica? na sala de aulas ou por medio do Foro Virtual, xunto coas instrucións a seguir para o correcto desenvolvemento de cada unha das actividades previstas.

Fora deste sistema de avaliación, o alumnado non integrado nas esixencias do sistema ECTS deberá superar un exame final na data marcada ao efecto pola Facultade de Ciencias da Comunicación. Este exame poderá contemplar unha parte de avaliación oral e incluírá todos aqueles aspectos teóricos e prácticos desenvolvidos ao longo do curso e que figuran no presente guía docente. Alén disto, para superar a materia, cada alumno/a deberá entregar no día do exame final a recensión bibliográfica correspondente á obra de Freixeiro Mato, X.R (2009): Lingua de calidade: vinte reflexións e unha proposta esperanzada para un galego con futuro (Vigo: Edicións Xerais de Galicia).

## Fontes de información



## Bibliografía básica

- ÁLVAREZ BLANCO, R. / XOVE, X. (2002). Gramática da lingua galega. Vigo: Galaxia
- FREIXEIRO MATO, X.R. (1998-2004). Gramática da lingua galega. 4 vols.. Vigo: A Nosa Terra
- FERNANDES, A. G. (2005). Gramática da língua portuguesa, uma nova abordagem. Porto: Caixotim
- HERMIDA GULÍAS, C. (2005). Gramática práctica (Morfosintaxe). Santiago de Compostela: Sotelo Blanco
- MARIÑO PAZ, R. (1998). Historia da lingua galega . Santiago: Sotelo Blanco
- MONTEAGUDO, H. (1999). Historia social da lingua galega. Vigo: Galaxia
- FREIXEIRO MATO, X.R. (2009). Lingua de calidade: vinte reflexións e unha proposta esperanzada para un galego con futuro. Vigo: Edicións Xerais de Galicia
- FREIXEIRO MATO, X. R. (2002 ). Lingua galega: normalidade e conflito. Santiago de Compostela, Laiovento
- FREIXEIRO MATO, X.R. (2001). Manual de Gramática galega. Vigo: A Nosa Terra
- SANMARTÍN REI, G. (2009). Nos camiños do entusiasmo: calidade de lingua e planificación . Vigo: Xerais
- HERMIDA GULÍAS, C. (2003). Ortografía práctica . Santiago de Compostela: Sotelo Blanco
- REGUEIRA, X. L. (coord.) (1999). Os sons da lingua. Vigo: Xerais
- SANMARTÍN REI, G. (ed.) (2006). Sobre a calidade da nosa lingua . A Coruña, Servizo de Publicacións da UDC
- GRAÑA, X. (1993). Vacilacións, interferencias e outros ?pecados? da lingua galega. Vigo: Ir Indo
- REGUEIRA, X. L. (1994). ?Modelos fonéticos e autenticidade lingüística? . Cadernos de lingua, 10
- DICIONARIOS: Cid Cabido, X. (ed.) (2000): Gran Dicionario Xerais da Lingua (Vigo: Xerais). Fernández Salgado et alii (1993)[1991]: Dicionario de dúbidas da lingua galega (Vigo: Galaxia) García, C. / González González, M. (dirs.) (1997): Dicionario da Real Academia Galega (A Coruña: Real Academia Galega). Ledo Cabido, B. (dir) (2004): Dicionario de galego (Vigo: Ir Indo Edicións). Pena, X. A. (dir) (2004): Gran Dicionario Cumio da Lingua Galega (Vigo: Edicións do Cumio). Porto Editora (2008): Dicionário da língua portuguesa (Porto: Porto Editora).NORMAS, PRONTUARIOS E LIBROS DE EXERCICIOS: Arias, V. (1993): Prontuario ortográfico da lingua galega (Vigo: Xerais). Feixó Cid, X. (2002): Ortografía e estilo da lingua galega (Vigo: Edicións do Cumio). Feixó Cid, X. (2003): As normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. Actualización, complementos e desviacións (Vigo: Edicións do Cumio). González Rei, B. (2004): Ortografía da Lingua Galega (A Coruña: Galinova Editorial). Hermida Gulías, C. (2003): Ortografía práctica (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco). Real Academia Galega (2003): Normas Ortográficas e Morfolóxicas do Idioma Galego (A Coruña: Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega). Regueira, X. L. (coord.) (1998): Os sons da lingua (Vigo: Xerais).Sanmartín Rei, G. (coord) (2006a): Sobre a calidade da nosa lingua (A Coruña: Servizo de Publicacións da UDC).Sanmartín Rei, G. (coord) (2006b): Criterios para o uso da lingua (A Coruña: Servizo de Publicacións da UDC).ESTUDOS: Alonso Pintos, S. (2006): O proceso de codificación do galego moderno (1950-1980)(A Coruña: Funación Barrié). Bouzada, X. / Lorenzo, A. (1997): O futuro da lingua. Elementos sociolingüísticos para un achegamento prospectivo da lingua galega (Santiago: Consello da Cultura Galega). Bringas, A. / Martín, B. (eds.) (2003): Nacionalismo e globalización; lingua, cultura e identidade (Vigo: Universidade de Vigo).Costas, X. H. (2002): Guía das linguas de Europa (Santiago: Positivas). García Negro, M. P. (1991): O galego e as leis. Aproximación sociolingüística (Pontevedra: Cumio). Graña, X. (1993): Vacilacións, interferencias e outros ?pecados? da lingua galega (Vigo: Ir Indo). Martínez Celdrán, E. (2002): Introducción á Fonética. O son na comunicación humana (Vigo: Galaxia).Monteagudo, H. / García, S. / López, H. /Subiela, X. (2002): A normalización lingüística a debate (Vigo: Xerais). Monteagudo, H. / Bouzada, X. (coords.) (2002): O proceso de normalización do idioma galego 1980-2000. Elaboración e difusión da lingua. Vol. III (Santiago: Consello da Cultura Galega). Portas, M. (1991): Língua e sociedade na Galiza (A Coruña: Bahía Edicións). Ramallo, F. / Rei-Doval, G. / Rodríguez Yáñez, X. P. (eds.) (2000): Manual de Ciencias da Linguaxe (Vigo: Xerais). Servizo de Normalización Lingüística da UDC (2005): Lingua e cidade. I Xornadas sobre Lingua e Usos (A Coruña: Servizo de Publicacións da UDC). Servizo de Normalización Lingüística da UDC (2006): Lingua e investigación. II Xornadas sobre Lingua e Usos (A Coruña: Servizo de Publicacións da UDC). Algúns recursos en liña:  
<http://www.edu.xunta.es/diccionarios/index.html><http://www.consellodacultura.org/arquivos/cdsg/loia/><http://www.pribera.m.pt/dlpo/><http://www.estraviz.org/><http://www.udc.es/snl/><http://www.realacademiagalega.org/mainadvice/GetMainAdvice.do><http://www.udc.es/dep/lx/cac/vo/textos.htm>



## Bibliografía complementaria

· Cristal, D. (2003): A morte das linguas (Vigo: Galaxia). · Ninyoles, R. L. (2005) [1972]: Idioma e poder social (Santiago: Laiovento). · Calvet, L. J. (1993): Lingüística e colonialismo (Santiago: Laiovento). · Calvet, L. J. (1995): A guerra das linguas (Santiago: Laiovento). · Calvet, L. J. (2004): Por unha ecoloxía das linguas no mundo (Santiago: Laiovento). · Freixeiro Mato, X.R. (2006): Lingua, nación e identidade (Santiago de Compostela: Laiovento). · García Negro, M<sup>a</sup> P. (1993): Sempre en Galego (Santiago: Laiovento). · García Negro, M<sup>a</sup> P. (2000): Dereitos lingüísticos e control político (Santiago: Laiovento). · Moure, T. (2005): Outro idioma é posible (Vigo: Galaxia). · Rodríguez Sánchez, F. (1998) [1976]: Conflito lingüístico e ideoloxía na Galiza (Santiago: Laiovento). · Queipo, X. (2007): Caderno da revolución cultural (Santiago: Laiovento). · Romero, D. / Vaquero, I. (2001): Da periferia á rede. Internet en Galicia. Lingua e contidos (Vigo: Xerais). · Sanmartín Rei, G. (2009): Nos camiños do entusiasmo: calidade de lingua e planificación (Vigo: Xerais) · Sende, S. (2007): Made in Galicia (Vigo: Galaxia). GRAMÁTICAS: Álvarez Blanco, R. / Xove, X. (2002): Gramática da lingua galega (Vigo: Galaxia). Costa Casas, X. X. / González Refoxo, M. A. / Morán Fraga, C. C. / Rábade Castiñeira, X.C. (1988): Nova Gramática para a aprendizaxe da lingua (A Coruña: Vía Láctea). Fernandes, A. G. (2005): Gramática da língua portuguesa, uma nova abordagem (Porto: Caixotim). Freixeiro Mato, X.R. (2006)[1998]: Gramática da lingua galega. I. Fonética e fonoloxía (Vigo: A Nosa Terra). Freixeiro Mato, X.R. (2006)[1999]: Gramática da lingua galega. III. Semántica (Vigo: A Nosa Terra). Freixeiro Mato, X.R. (2006)[2000]: Gramática da lingua galega. II. Morfosintaxe (Vigo: A Nosa Terra). Freixeiro Mato, X.R. (2001): Manual de Gramática galega (Vigo: A Nosa Terra). Freixeiro Mato, X.R. (2006)[2003]: Gramática da lingua galega. IV. Gramática do Texto (Vigo: A Nosa Terra). Hermida Gulías, C. (2004): Gramática práctica (Morfosintaxe) (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco). DICCIONARIOS: Cid Cabido, X. (ed.) (2000): Gran Diccionario Xerais da Lingua (Vigo: Xerais). Fernández Salgado et alii (1993)[1991]: Diccionario de dúbidas da lingua galega (Vigo: Galaxia) García, C. / González González, M. (dirs.) (1997): Diccionario da Real Academia Galega (A Coruña: Real Academia Galega). Ledo Cabido, B. (dir) (2004): Diccionario de galego (Vigo: Ir Indo Edicións). Pena, X. A. (dir) (2004): Gran Diccionario Cumio da Lingua Galega (Vigo: Edicións do Cumio). Porto Editora (2008): Dicionário da língua portuguesa (Porto: Porto Editora). NORMAS, PRONTUARIOS E LIBROS DE EXERCICIOS: Arias, V. (1993): Prontuario ortográfico da lingua galega (Vigo: Xerais). Feixó Cid, X. (2002): Ortografía e estilo da lingua galega (Vigo: Edicións do Cumio). Feixó Cid, X. (2003): As normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. Actualización, complementos e desviacións (Vigo: Edicións do Cumio). González Rei, B. (2004): Ortografía da Lingua Galega (A Coruña: Galinova Editorial). Hermida Gulías, C. (2003): Ortografía práctica (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco). Real Academia Galega (2003): Normas Ortográficas e Morfolóxicas do Idioma Galego (A Coruña: Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega). Regueira, X. L. (coord.) (1998): Os sons da lingua (Vigo: Xerais). Sanmartín Rei, G. (coord) (2006a): Sobre a calidade da nosa lingua (A Coruña: Servizo de Publicacións da UDC). Sanmartín Rei, G. (coord) (2006b): Criterios para o uso da lingua (A Coruña: Servizo de Publicacións da UDC). ESTUDOS: Alonso Pintos, S. (2006): O proceso de codificación do galego moderno (1950-1980) (A Coruña: Fundación Barrié). Bouzada, X. / Lorenzo, A. (1997): O futuro da lingua. Elementos sociolingüísticos para un achegamento prospectivo da lingua galega (Santiago: Consello da Cultura Galega). Bringas, A. / Martín, B. (eds.) (2003): Nacionalismo e globalización; lingua, cultura e identidade (Vigo: Universidade de Vigo). Costas, X. H. (2002): Guía das linguas de Europa (Santiago: Positivas). Freixeiro Mato, X.R (2009): Lingua de calidade: vinte reflexións e unha proposta esperanzada para un galego con futuro (Vigo: Edicións Xerais de Galicia). García Negro, M. P. (1991): O galego e as leis. Aproximación sociolingüística (Pontevedra: Cumio). Graña, X. (1993): Vacilacións, interferencias e outros ?pecados? da lingua galega (Vigo: Ir Indo). Martínez Celdrán, E. (2002): Introducción á Fonética. O son na comunicación humana (Vigo: Galaxia). Mariño Paz, R. (1998): Historia da lingua galega (Santiago: Sotelo Blanco). Monteagudo, H. (1999): Historia social da lingua galega (Vigo: Galaxia). Monteagudo, H. / García, S. / López, H. / Subiela, X. (2002): A normalización lingüística a debate (Vigo: Xerais). Monteagudo, H. / Bouzada, X. (coords.) (2002): O proceso de normalización do idioma galego 1980-2000. Elaboración e difusión da lingua. Vol. III (Santiago: Consello da Cultura Galega). Portas, M. (1991): Língua e sociedade na Galiza (A Coruña: Bahía Edicións). Ramallo, F. / Rei-Doval, G. / Rodríguez Yáñez, X. P. (eds.) (2000): Manual de Ciencias da Linguaxe (Vigo: Xerais). Servizo de Normalización Lingüística da UDC (2005): Lingua e cidade. I Xornadas sobre Lingua e Usos (A Coruña: Servizo de Publicacións da UDC). Servizo de Normalización Lingüística da UDC (2006): Lingua e investigación. II Xornadas sobre Lingua e Usos (A Coruña: Servizo de Publicacións da UDC). Algúns recursos en liña:  
<http://www.edu.xunta.es/diccionarios/index.html><http://www.consellodacultura.org/arquivos/cdsg/loia><http://www.pribera>



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

[m.pt/dlpo/http://www.estraviz.org/http://www.udc.es/sn/](http://m.pt/dlpo/http://www.estraviz.org/http://www.udc.es/sn/)

<http://www.realacademiagalega.org/mainadvice/GetMainAdvice.do>



## Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

## Observacións

É recomendábel que o alumnado posúa os coñecementos de Lingua galega equivalentes a Lingua galega de COU, 2º de Bacharelato ou Lingua galega Perfeccionamento.

De non ser así, recoméndase facer previamente un curso deste nivel: Centro de Linguas, Escola Oficial de Idiomas ou cursos de Secretaría Xeral de Política Lingüística.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías